

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 20 DE XULLO DE 2021

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte de xullo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Daniel Mallo Castro.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceros Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 13 de xullo de 2021**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 13 de xullo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, don Daniel Mallo Castro) aprobou o citado borrador.

### **2º. Boletíns e correspondencia**

- R.P. 2021/28963 da Secretaría Xeral. Sección de Normalización Lingüística. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FONL: convocatoria do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística, durante o ano 2021. Figura como beneficiario o Concello de Cambre, co obxecto "mantemento do servizo de normalización lingüística 2021" cun importe de subvención de 15.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 131, do 14 de xullo de 2021).

- Resolución de 5 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde de 24 de marzo de 2021. Figura o Concello de Cambre, cun importe de subvención de 4.157,90 euros. (Diario Oficial de Galicia número 134, do 15 de xullo de 2021).

- Orde de 15 de xullo de 2021, da Consellería de Sanidade, pola que se modifican a Orde de 25 de xuño de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde de 1 de xullo de 2021 pola que se aproba o Protocolo para a reactivación do ocio nocturno no marco da crise sanitaria ocasionada pola COVID-19. (Diario Oficial de Galicia número 135-Bis, do 16 de xullo de 2021).

### 3º. Expedientes de contratación

#### 3.1. Proposta de aprobación do **“Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación de Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021”**. Expediente 2021/C003/000002

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude, de data 15 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 17 de febreiro de 2021, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre aprobou a Memoria valorada para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, adxudicando o contrato menor de servizos para a redacción do proxecto básico e de execución, dirección de obra e dirección de execución, e coordinación de seguridade e saúde para a ampliación do Complexo deportivo municipal da Barcala, a prol do arquitecto don Alejandro Rodriguez González, que contará coa colaboración do aparelador don Juan Pablo Feal Miragaya, quen exercerá os labores de dirección da execución e coordinación de seguridade e saúde, (exp. nº 2021/C002/000007).

Co contrato citado, trátase de mellorar as condicións de realización de exercicio seguro e que afectan ao correcto desenvolvemento das actividades realizadas polos usuarios condicionadas pola situación pandémica da Covid 19, obtendo maior espazo personal e de seguridade para a realización das mesmas. Coa intención de mellorar os servizos ofrecidos polo Complexo Deportivo Municipal da Barcala, considérase urxente dotar a dita instalación municipal dunha nova sala diáfana e polivalente, que permita o desenvolvemento de novas disciplinas, e que se ubicará na planta semisótano.

Con data do 16 de marzo de 2021 asínase polo arquitecto don Alejandro González Rodriguez o documento denominado **“Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación de Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021”**, cun orzamento base de licitación de 187.187,00 € IVE incluído.

O citado documento conta co informe favorable de supervisión, emitido polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, emitido con data do 24 de marzo de 2021.

Para a execución desta obra solicitouse unha subvención ao abeiro da *Orde do 30 de decembro de 2020, pola que se establecen as Bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2021 de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A)*, publicada no DOG do 20/01/2021. Dita solicitude de subvención foi desestimada, tal e como consta na notificación asinada o 31 de maio de 2021 pola subdirectora xeral de Xestión e Cooperación Económica coas Entidade Locais, sen prexuízo do previsto no artigo 22 da citada Orde.

Con data do 16 de xuño de 2021 aprobouse provisionalmente polo Pleno da Corporación un expediente de suplemento de crédito por importe de 187.187,00 euros, para o financiamento da citada obra.

Con data do 20 de xuño de 2021 emítase informe polo interventor da Corporación , nº 198/2021, respecto da tramitación anticipada do gasto.

Con data do 15 de xullo de 2021 emítase informe urbanístico polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que se indica que :

*“A actuación levarase a cabo sobre un solo municipal calificado nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamiento Municipal (BOP 222 de 27 de setembro de 1994) como urbano denso proveniente do SAU-1-RD A Barcala (BOP 16 de decembro de 1993), sendo as ordenanzas de aplicación as establecidas no artigo 38 de ditas Normas e na Z-4 do Plan Parcial de A Barcala aprobado ao efecto.*

*O proxecto cumpre cas determinacións da normativa de aplicación sinaladas anteriormente.*

*En base o exposto, e dado que a actuación prevista realizarase sobre un solo de titularidade municipal, sin que atopese na zona de afección de ningunha outra administración, e polo que desde o punto de vista urbanístico, considerase viable”*

Visto o artigo 231.1 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público que establece que *“a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa **elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto** que definirá con precisión o obxecto do contrato. **A aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación** salvo que tal competencia estea especificamente atribuída ao outro órgano por unha norma xurídica”*.

En relación con este, o artigo 236 da LCSP determina que *“aprobado o proxecto e previamente á aprobación do expediente de contratación da obra, procederase a efectuar o **reformulo do mesmo**, o cal consistirá en comprobar a realidade xeométrica da mesma e a despoñibilidade dos terreos precisos para a súa normal execución (...) Unha vez realizado o reformulo incorporárase o proxecto ao expediente de contratación”*.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o do *“Proxecto básico e de execución de reforma e Ampliación de Complexo Deportivo Municipal da Barcala. Marzo 2021”*. elaborado polo arquitecto don Alejandro Rodríguez González, segundo expediente de contratación menor 2021/C002/000007, proxecto que conta cun orzamento base de licitación de 187.187,00 € IVE incluído.

**Segundo:** De conformidade cos artigos 231.1 e 236 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que polo técnico competente se proceda a realizar o reformulo do proxecto.

**Terceiro:** Unha vez realizado o reformulo, incorporar o proxecto ao expediente de contratación para a aprobación deste pola Xunta de Goberno Local.

**Cuarto:** Dar traslado aos Departamentos de Urbanismo e Obras, Deportes, e Intervención Municipal, para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### 4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 9 ao 15 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social número 1140/2021 e remata coa resolución da alcaldía número 1182/2021, segundo se relaciona a seguir:

| Nº decreto | Data sinatura | Asunto  |
|------------|---------------|---|
| 1140/2021  | 09-07-2021    | Denegar a axuda emerxencia social por non estar xustificada a situación de necesidade. Solicitante: PPL   |
| 1141/2021  | 09-07-2021    | Expediente núm. 18/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao exercicio 2021   |
| 1142/2021  | 09-07-2021    | Xustificación convenio promoción do hóckei 2019   |
| 1143/2021  | 09-07-2021    | Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 13 de xullo de 2021   |
| 1144/2021  | 09-07-2021    | Reposición legalidade urbanística a MASA, pola construción dun muro de contención e unha piscina sen ;título habilitante en Apartada 15, San Lourenzo..   |
| 1145/2021  | 09-07-2021    | Licenza de división da finca de 1.627 m <sup>2</sup> sita no Souto - Sigrás unha parcela de 23 m <sup>2</sup> co fin de cedela ao Concello para a regularización do varío público promovido por DLZ |
| 1146/2021  | 09-07-2021    | Declaración de obra nova en Temple a nome de JRIA   |
| 1147/2021  | 09-07-2021    | Declaración de obra nova de nave industrial sita no polígono Espiritu Santo a nome de AC, S.A.  |
| 1148/2021  | 09-07-2021    | Contrato de urxencia para as tarefas de roza das motas do río Mero  |
| 1149/2021  | 09-07-2021    | Expedientes sancionadores de tráfico  |
| 1150/2021  | 09-07-2021    | Convocatoria Subvencións Asociacións Empresariais 2020  |
| 1151/2021  | 09-07-2021    | Incorporación de remanentes 19/2021   |
| 1152/2021  | 09-07-2021    | Incorporación becario enxeñeiro caminos, canles e portos  |
| 1153/2021  | 12-07-2021    | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YLC  |
| 1154/2021  | 12-07-2021    | Conceder a axuda emerxencia social por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: AARA  |
| 1155/2021  | 12-07-2021    | Denegar an axuda emerxencia social alimentación por esgotar o período máximo de concensión establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: MLB  |
| 1156/2021  | 12-07-2021    | Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 162.367,58 €   |
| 1157/2021  | 12-07-2021    | Corrección de erros da resolución num. 1151/2021, de data 09/07/2021. Expediente núm. 19/2021 de incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2020 ao 2021                                   |
| 1158/2021  | 12-07-2021    | Tratamento anticaruncho das vigas e puntóns do edificio do local  |



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

|           |            |  |
|-----------|------------|--|
|           |            | Social de Pravio   |
| 1159/2021 | 12-07-2021 | Traballos de vernizado e subministración de tarima para o local sociocultural da rúa Samosteiro - Cambre   |
| 1160/2021 | 13-07-2021 | Programa de actividades campamento urbano de verán 2021  |
| 1165/2021 | 13-07-2021 | Numeración de vivenda a solicitude RH S.L.   |
| 1166/2021 | 13-07-2021 | Devolución de ingreso indebido por importe parcial do reintegro da subvención realizado pola ANPA Fendetestas do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, da subvención abonada con cargo ao convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Asociación de Nais e Pais Fendetesta do CEIP Wenceslao Fernández Flórez |
| 1161/2021 | 14-07-2021 | Declaración de obra nova de dúas naves industriais na rúa Daimler, nave polígono industrial Espírito Santo, cecebre, a prol de CCP, RCP e NCP  |
| 1162/2021 | 14-07-2021 | Declaración de obra nova en Barral, Bribes a nome de MJFC, VMF e RMF   |
| 1163/2021 | 14-07-2021 | Declaración obra nova vivenda unifamiliar VMCB e MRM   |
| 1164/2021 | 14-07-2021 | Expedientes sancionadores de tráfico   |
| 1167/2021 | 14-07-2021 | Licenza de demolición da vivenda sita en Lendoiro, Cecebre promovida por FFC   |
| 1168/2021 | 14-07-2021 | Numeración vivendas pareadas a solicitude de RH S.L.   |
| 1169/2021 | 14-07-2021 | Subministración roupa traballo para Brigada de obras municipal   |
| 1170/2021 | 14-07-2021 | Corrección erro da Resolución nº 1053/2021 da concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 25 de xuño de 2021  |
| 1171/2021 | 14-07-2021 | Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 18.370,43 €  |
| 1172/2021 | 14-07-2021 | Aprobación de despesas do IVE repercutido polo autoconsumo municipal de auga e o canon de saneamento do segundo trimestre do ano 2021  |
| 1173/2021 | 15-07-2021 | Nomeamento bibliotecario-arquiveiro interino   |
| 1174/2021 | 15-07-2021 | Aprobación do pagamento ao Consorcio das Mariñas da taxa de lixo correspondente ao cuarto trimestre de 2020 e o primeiro trimestre de 2021   |
| 1175/2021 | 15-07-2021 | Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: YGHH  |
| 1176/2021 | 15-07-2021 | Aprobación da xustificación así como recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á convocatoria de bolsas para deportistas de Cambre durante 2020   |
| 1177/2021 | 15-07-2021 | CM a Supernova Asistencias, S.L.U. para tres proxecións de cine. Rede Cultural   |
| 1178/2021 | 15-07-2021 | Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de xuño de 2021 e de profesionais e alugueres do segundo trimestre de 2021 e o seu pagamento   |
| 1179/2021 | 15-07-2021 | Expediente de Xeración de crédito número 6/2021. Subvención destinada a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá para o ano 2021   |



|           |            |  |
|-----------|------------|--|
| 1180/2021 | 15-07-2021 | Servizo de tratamento contra o bicudo vermello en palmeiras canarias situadas en zonas axardinadas municipais                      |
| 1181/2021 | 15-07-2021 | Contrato menor para o servizo de redacción do "Proxecto básico e de execución de mellora de accesibilidade en Lendoiro, A Barcala" |
| 1182/2021 | 15-07-2021 | Aprobación da liquidación do IVE do segundo trimestre de 2021 e o seu pagamento  |

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Proposta de aprobación do proxecto de "*Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais. Anceis.Cambre*", cun orzamento base de licitación de 24.617,97 € IVE incluído. Expediente 2021/C002/000122

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adxudicataria do contrato menor para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP "Gonzalo Torrente Ballester", Expediente núm. 2021/C002/000027

- Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, para adxudicación da Implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre. Expediente : 2021/C004/000005

- Proposta de aprobación do Documento de xestión preventiva, presentado pola empresa "*Jardinería Arce, S.L.*", adxudicataria do contrato menor para obra de "Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702". Expediente núm. 2021/C002/000039

- Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa "*Arias Infraestructuras, S.A.*" adxudicataria do contrato menor para a obra de "*Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre*". Expediente núm. 2021/C002/000049

- Proposta de adxudicación do contrato para a "Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez", á empresa LÓPEZ FREIRE INVERSIONES S.L., no prezo ofertado de 14.600,00 € sen IVE, 17.666,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000176

- Aprobación do expediente de contratación número 2021/C004/000004 por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros que asisten á Xunta de Goberno Local.

**A) Proposta de aprobación do proxecto de "*Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais. Anceis.Cambre*", cun orzamento base de licitación de 24.617,97 € IVE incluído. Expediente 2021/C002/000122**

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras, de data 16 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 15 de xullo de 2021 asínase pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, o proxecto denominado *Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais. Anceis.Cambre*, cun orzamento base de licitación de 24.617,97 € IVE incluído.

Con este proxecto plantéxase a execución dunha beirarrúa de 2 metros de anchura por unha das marxes dos viario do servizo que discorre paralelo á Autovía A-6 no entorno do local social e as instalacións deportivas da parroquia de Anceis. Esta beirarrúa será de formigón armado fratasado e se desenvolve nunha lonxitude aproximada de 120 metros lineais.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o proxecto denominado *Senda peonil para accesibilidade entre o local social e instalacións deportivas municipais. Anceis.Cambre*, cun orzamento base de licitación de 24.617,97 €, IVE incluído, elaborado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal dona Elena Bartolomé Delanoë.

**Segundo:** Notificar aos interesados para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**B) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa *Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.* adjudicataria do contrato menor para a reforma da zona de xogos infantís do CEIP “Gonzalo Torrente Ballester”, Expediente núm. 2021/C002/000027**

Vista a proposta da Alcaldía de data 16 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación menor incoado co número 2021/C002/000027 para a contratación da obra de reforma da zona de xogos infantís do CEIP “Gonzalo Torrente Ballester

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de xuño de 2021 polo que se adjudicou a obra á empresa “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L”, designando como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adjudicataria “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre número 202199900003827 de data 15/07/2021, ao que achega o informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde, don Francisco Jesús Cobas Fernández, da empresa GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, entidade adjudicataria do contrato de coordinación de seguridade e saúde das obras municipais, expediente nº 2020/C004/000022.

Visto o informe favorable emitido pola responsable do contrato, a enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, con data do 16 de xullo de 2021.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L”, e presentado polo coordinador de seguridade e saúde da obra , para a execución da obra denominada “Reforma da zona de xogos infantís do CEIP “Gonzalo Torrente Ballester”, Expediente núm. 2021/C002/000027

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, Coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**C) Aprobación do expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, para adxudicación de Implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre. Expediente : 2021/C004/000005**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 8 de xullo de 2021 , elaborouse polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude , a memoria xustificativa da necesidade , idoneidade , insuficiencia de medios , motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación Implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre , cun valor estimado de 24.884,98 euros e un orzamento base de licitación de 27.373,48 euros .

Coa mesma data do 8 de xullo de 2021, asínase polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade o informe técnico de necesidade relativo, entre outros aspectos, aos criterios de valoración , solvencia esixible aos licitadores , procedemento de adxudicación, condicións especiais de execución do contrato, e penalidades



aplicables, elaborándose na mesma data, polo antedito funcionario, o prego de prescricións técnicas regulador da prestación do servizo.

O servizo obxecto deste contrato atópase financiado en virtude da Orde do 11 de xaneiro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A), (DOG núm. 16 do 26/01/2021).

O programa esta cofinanciado con fondos FSE nun 80 %, e enmárcase no programa operativo FSE Galicia 2014-2020, obxectivo temático 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera tipo de discriminación; prioridade de investimento 9.4. Mellora do acceso a servizos alcanzables, sostibles e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral e obxectivo específico 9.4.1. Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluíndo a eliminación de estereotipos. Liña de actuación 118. Implementación da Rede galega de atención temperá

Consta Informe de Intervención asinado o 15 de xullo de 2021 polo Interventor da Corporación, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 312.22799

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto simplificado, que mesmo pode ser abreviado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.6 da LCSP

Consta a providencia de data 15 de xullo de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado abreviado, de conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP.

Consta informe emitido pola técnica de xestión de Administración xeral coa conformidade da secretaria e do interventor municipais de data do 16 de xullo de 2021 propoñendo a apertura do procedemento de licitación.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local, efectuada mediante Resolución da Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato ao tratarse dunha prestación coa que se persegue establecer un Programa que ten por finalidade proporcionar información, orientación e atención especializada aos menores de 0 a 6 anos, e ás súas familias con necesidades especiais do municipio, e que responde á definición de Atención Temperá, entendida como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos de idade, á súa familia e á súa contorna, que ten como obxectivo darlles resposta canto antes ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar o desenvolvemento da súa autonomía persoal e a inclusión social.

O seu fundamento normativo atópase no Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede Galega de atención temperá, e máis na Lei 7/1985 de 2 abril, Reguladora das bases do réxime local, que establece no artigo 26, apartado 1), que os municipios con poboación superior a 20.000 habitantes deberán exercer a competencia de “avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata as persoas en situación o risco de exclusión social”, ademais de que na Lei 8/2008 do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 80.3.g, establécese como competencias dos municipios, “O desenvolvemento de programas de

promoción da saúde, educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos que se prevexan nos plans de saúde”

Polo tanto, queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000005, por procedemento aberto simplificado abreviado, con pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática, e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

- Obxecto do contrato: Implantación dun servizo de atención temperá no Concello de Cambre,
- Orzamento base de licitación: 27.373,48 euros
- Valor estimado: 24.884,98 euros
- Duración: A duración do contrato está prevista para un período de tres meses, desde o 1 de setembro ata o 30 de novembro de 2021

isto a teor do establecido nos artigos 131, 159 e concordantes da LCSP.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por importe de 27.373,48 euros por conta da aplicación orzamentaria 312.22799.

O servizo obxecto deste contrato atópase financiado en virtude da Orde do 11 de xaneiro de 2021, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede galega de atención temperá, cofinanciadas parcialmente polo programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e procédese á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento BS700A), (DOG núm. 16 do 26/01/2021).

O programa esta cofinanciado con fondos FSE nun 80 %, e enmárcase no programa operativo FSE Galicia 2014-2020, obxectivo temático 9. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza e calquera tipo de discriminación; prioridade de investimento 9.4. Mellora do acceso a servizos alcanzables, sostibles e de calidade, incluídos os servizos sanitarios e sociais de interese xeral e obxectivo específico 9.4.1. Mellorar a accesibilidade para as persoas máis vulnerables a servizos de atención sanitaria, sociais e de orientación, formación e educación, incluíndo a eliminación de estereotipos. Liña de actuación 118. Implementación da Rede galega de atención temperá

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Quinto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**D) Proposta de aprobación do Documento de xestión preventiva, presentado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, adxudicataria do contrato menor para obra de “Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702”. Expediente núm. 2021/C002/000039**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación menor incoado co número 2021/C002/000039 para a contratación da obra de “Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de xuño de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “Jardinería Arce, S.L.”, designando como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë

Visto o Documento de xestión Preventiva elaborado pola empresa adxudicataria “Jardinería Arce, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre número 202199900003845 de data 16/07/2021, ao que achega o informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde, don Francisco Jesús Cobas Fernández, da empresa GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, entidade adxudicataria do contrato de coordinación de seguridade e saúde das obras municipais, expediente nº 2020/C004/000022.

Visto o informe favorable emitido pola responsable do contrato , a enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, con data do 16 de xullo de 2021.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Documento de xestión preventiva elaborado pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, e presentado polo coordinador de seguridade e saúde da obra , para a execución da obra denominada “Mellora da seguridade viaria e paso de peóns como reductor de velocidade en PK 0+748 de la DP-1702”. Expediente núm. 2021/C002/000039

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “Jardinería Arce, S.L.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, Coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**E) Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, presentado pola empresa “Arias Infraestructuras, S.A.” adxudicataria do contrato menor para a obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre” . Expediente núm. 2021/C002/000049**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Visto o expediente de contratación menor incoado co número 2021/C002/000049 para a contratación da obra de “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre” .

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 08 de xuño de 2021 polo que se adxudicou a obra á empresa “Arias Infraestructuras, S.A.”, designando como directora de obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë

Visto o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa adxudicataria “Arias Infraestructuras, S.A.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre número 202199900003825 de data 15/07/2021, ao que achega o informe favorable emitido polo coordinador de seguridade e saúde, don Francisco Jesús Cobas Fernández, da empresa GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, entidade adxudicataria do contrato de coordinación de seguridade e saúde das obras municipais, expediente nº 2020/C004/000022.

Visto o informe favorable emitido pola responsable do contrato , a enxeñeira técnica de obras Públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, con data do 15 de xullo de 2021.

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7.2 do Real Decreto 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción.

En uso das atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o plan de seguridade e saúde elaborado pola empresa “Arias Infraestructuras, S.A.”, e presentado polo coordinador de seguridade e saúde da obra , para a execución da obra denominada “Mellora de camiños de acceso a parcelas agrícolas en Aldea de Arriba e o Cepal. Cambre” . Expediente núm. 2021/C002/000039

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa “Arias Infraestructuras, S.A.” e a don Francisco Jesús Cobas Fernández, da entidade GALLEGA DE COORDINACIONES S.L, Coordinadora da Seguridade e Saúde da obra, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

**Terceiro:** Notifíquese á enxeñeira técnica de obras públicas Municipal, para a súa constancia e para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**F) Proposta de adjudicación do contrato para a “Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, á empresa LÓPEZ FREIRE INVERSIONES S.L., no prezo ofertado de 14.600,00 € sen IVE, 17.666,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000176**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“En agosto de 2020 elaborouse polo arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a descrición técnica para a “Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, cun orzamento de 14.690,55 € sen IVE 17.775,57 € IVE incluído, documento que foi asinado polo técnico municipal con data do 8 de outubro de 2020.

Dito documento describe o estado das instalacións, segundo inspección técnica realizada o 23 de xullo de 2020. Constatase que os aseos están situados en liña ao longo dunha parte do corredor que percorre o edificio lonxitudinalmente, provocando unha estreiteza no ancho de paso e incumprindo a normativa de accesibilidade, Lei 10/2014, de 3 de Decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia e regulamento que a desenvolve. Ademais, ningún dos aseos é adaptado, e todos están sobreelevados con respecto ao pavimento do corredor que lles dá acceso, producindo un cambio de nivel que tampouco cumpre en materia de accesibilidade. Dada a situación, proponse reubicar os aseos noutra zona do mesmo edificio, restando espazo a unha das aulas e liberando así o corredor. Con esta actuación, mellóranse as condicións de accesibilidade do edificio e dos propios aseos, cumprindo coa normativa aplicable na materia.

Con data 9/10/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación, asinado polo coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, o concelleiro delegado da Área de Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade e pola concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, motivado na necesidade de reubicar os aseos situados no edificio auxiliar municipal do patio cuberto do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, que se atopan en estado de deterioro. Tendo en conta a valoración do arquitecto



municipal, non é posible modificar os existentes, xa que se incumpriría o disposto na Lei 10/2014 de 3 de decembro, de accesibilidade da Comunidade Autónoma de Galicia. O Concello ten a obriga de conservación e mantemento dos centros escolares de educación infantil e primaria do seu municipio, segundo establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, apartado n) punto 8.2. artigo primeiro (que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases del Réxime Local). Con esta actuación, adecúanse as instalacións existentes á normativa sectorial, ademais de corrixir a situación actual de deterioro dos aseos existentes. Isto de conformidade co establecido no artigo 118 da LCSP.

Con data 29/10/2020 emítase informe asinado polo coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal, no que consta que foron invitadas as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.
- MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO, S.L.
- LÓPEZ FREIRE INVERSIONES, S.L.

e que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

| Empresa                                  | Oferta sen IVE | Oferta IVE incluído |
|--|----------------|---------------------|
| MURAT CONSTRUCCIÓN Y MANTENIMIENTO, S.L. | 14.690,55 €    | 17.775,57 €         |
| LÓPEZ FREIRE INVERSIONES, S.L.           | 14.600,00 €    | 17.666,00 €         |
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.           | 14.675,55 €    | 17.757,42 €         |

formulando proposta de adxudicación da obra de "Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez" á entidade LÓPEZ FREIRE INVERSIONES S.L., con CIF B701\*\*\*\*\* e domicilio en rúa Río Sil nº 2 - 15.173 Oleiros (A Coruña), no prezo ofertado de 14.600,00 € sen IVE, 17.666,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Con data do 7 de marzo de 2021 emítase informe conxunto polo coordinador de actividades Culturais e Educativas municipal e o arquitecto municipal, xustificativo da elección do contrato menor, así como da necesidade de contar con autorización da Xunta de Galicia, ao exceder a obra proxectada das definidas como de mantemento e reparación.

Con data do 25 de marzo de 2021, emítense sendos escritos dirixidos á Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en concreto, á Xefatura territorial e máis á Unidade Técnica da Coruña, con números de rexistros de saída 20219000000230 e 20219000000231, nos que se solicita autorización para a execución da obra, autorización que se recibe no Concello de Cambre con data do 14 de abril de 2021.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 8 de xullo de 2021.

Visto o informe emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas municipal con data do 13/07/2021, no que expresamente indica que :

*“ (...) Que el Ceip Wenceslao Fernández Flórez sito en calle Atrio 32 ( Cambre ) forma parte del Inventario de bienes y derechos del Ayuntamiento de Cambre con la siguiente identificación perteneciente a los bienes inmuebles “1A.05.022 Ceip Wenceslao Fernández Flórez” tal y como consta en los acuerdos de la sesión plenaria del 29 de junio de 2017.*

*Cabe indicar que en el edificio auxiliar objeto de la reforma así como en el conjunto de la instalación se realizan actividades municipales de conciliación mediante la realización de campamentos urbanos en los periodos vacacionales de carnaval, semana santa, verano y navidad, siendo beneficiarias más de 600 familias del Ayuntamiento de Cambre.”*

Con data 13/07/2021 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 933.21200 (edificios e outras construcións), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adxudicación a Xunta de Goberno Local.

Visto o informe de fiscalización nº 249/2021, emitido polo interventor da Corporación con data do 16 de xullo de 2021.

Visto canto antecede, por parte desta Alcaldía considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil do seu municipio, conforme se estipula no artigo 25.2, apartado n) da Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local , contando o Concello coa preceptiva autorización da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para a execución da obra, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me confire a Disposición Adicional Segunda, punto primeiro, da Lei 9/2017 de contratos do sector público, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**

**Primeiro:** Aprobar o documento de descrición técnica para a “Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun orzamento de 14.690,55 € sen IVE, 17.775,57 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

**Segundo:** Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 933.21200

**Terceiro:** Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000176, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

**Cuarto:** Adxudicar o contrato para a “Adecuación e mellora dos aseos do edificio auxiliar municipal do CEIP Wenceslao Fernández Flórez”, á empresa LÓPEZ FREIRE INVERSIONES S.L., con CIF B701\*\*\*\* e domicilio en

rúa Río Sil nº 2 - 15.173 Oleiros (A Coruña), no prezo ofertado de 14.600,00 € sen IVE, 17.666,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

A obra deberá executarse tendo en conta o establecido na autorización emitida pola xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade con data do 9 de abril de 2021, recibida no Concello de Cambre o día 14 de abril seguinte.

**Quinto:** De conformidade co establecido no artigo 118.1 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

**Sexto:** Designar como directora de obra e responsable do contrato á arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada, contando coa colaboración do coordinador de Cultura e Educación municipal, don José Luís Martínez Názara.

**Sétimo:** Notifíquese á arquitecta técnica e ao coordinador de actividades culturais e educativas municipal, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

**Oitavo:** Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**G) Aprobación do expediente de contratación número 2021/C004/000004 por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre**

Vista a proposta da Alcaldía de data 19 de xullo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data do 19 de xullo de 2021, elaborouse polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, non división en lotes e elección do

procedemento para a contratación do servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, cun orzamento base de licitación de **171.756,20 euros**, para un período de 2 anos prorrogable por 1 máis, e un valor estimado de **212.920,92 euros**.

Constan asinados na mesma data, o prego de prescricións técnicas e o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia e condicións especiais de execución.

Consta documento de retención de crédito emitido pola Intervención municipal e asinado o 13 de abril de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 151.22706.

Respecto do procedemento de adxudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adxudicación o procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática), iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 156 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 19 de xullo de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, co que se persegue adxudicar a prestación do servizo consistente na redacción dos estudos, anteprojectos, descricións técnicas e proxectos técnicos, así como na dirección das obras programadas pola área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre, que sexan de competencia municipal, esto co fin de dar cumprimento ás competencias municipais en materia de infraestrutura viaria e equipamentos da súa titularidade, (art. 25.2.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local), quedando acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, a idoneidade do obxecto e o contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

**Segundo:** Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C004/000004 por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) e, polo tanto, o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que se integran nel, correspondente a:

|                                 |  |
|---------------------------------|--|
| - Obxecto do contrato:          | Servizo de redacción de proxectos e direccións de obras da Área de Urbanismo e Obras do Concello de Cambre |
| - Orzamento base de licitación: | 171.756,20 euros, IVE incluído   |
| - Valor estimado:               | 212.920,92 euros   |
| - Duración:                     | 2 anos, podendo prorrogarse nas mesmas condicións ata un (1) ano máis                                      |

isto en aplicación do establecido nos artigos 131 e 156 ao 159 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014, e artigo 324 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, por canto, para a valoración das proposicións e a determinación da oferta que conteña a mellor relación calidade-prezo, deberá atenderse a criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, e non só ao seu prezo.

**Terceiro:** Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 151.22706, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

**Cuarto:** De conformidade co establecido no art. 326 e Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público, a Mesa de Contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, estará formada polos seguintes membros:

**Presidenta:** A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

**Vogais:** A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

A arquitecta técnica municipal dona Susana Bahamonde López, e como suplente, o enxeñeiro de camiños, canais e portos municipal don Óscar Souto Muiño.

**Secretaria:** A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M<sup>a</sup> del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

**Quinto:** De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 4 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que o prezo do contrato non sufrirá variación ningunha, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto das modificacións contractuais non previstas do artigo 205 da LCSP.

**Sexto:** Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co disposto polos artigos 135 e 63 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, e na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da LCSP."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e trinta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia